

V.- O COMUNISMO NA URSS

Rusia era a principios do s.XX un enorme Imperio estendido entre o Mar Báltico e o Océano Pacífico e desde o Ártico ata o Cáucaso e o Himalaia. Estaba gobernado polos **Tsares** da Dinastía dos Romanov, que exercían un poder absoluto co apoio da nobreza, a Igrexa e o exército. Entre a poboación existía un gran malestar:



- O **descontento político** debíase ao gobierno autocrático dos tsares, que propiciou a aparición dunha oposición política integrada por partidos liberais-burgueses e partidos marxistas revolucionarios, como os **bolxeviques** ou comunistas.

- O **descontento social e económico** debíase ao contraste existente entre a rica minoría, propietaria da terra e as fábricas, e a miseria dos campesiños (80% da poboación que traballaba, en réxime case feudal, as terras da nobreza e o clero) e do proletariado industrial (sometidos a longas xornadas e míseros salarios).



A.- A CAÍDA DO TSARISMO

En 1905, o descontento social, unido ao causado pola derrota rusa ante Xapón, **desencadeou unha Revolución** que o tsar reprimiu con dureza. Pero as manifestacións e folgas continuaron e os traballadores crearon os **soviets** (comités de obreiros, campesiños e soldados) para organizarse e seguir reclamando reformas políticas. O tsar comprometeuse a convocar ao Parlamento (*Duma*), eleccións por sufraxio universal e a iniciar unha reforma agraria. Pero non cumpriu as súas promesas!

Os tsares concentraban todo o poder e eran considerados representantes de Deus na Terra. Na imaxe, Nicolás II, último tsar de Rusia.

V.- O COMUNISMO NA URSS

? 17.- Cal era a **situación económica, social e política** de Rusia nos tempos do tsarismo?



A comezos do s.XX, o Imperio dos tsares era un inmenso territorio onde aún pervivía o **absolutismo monárquico**. O réxime político era unha **autocracia**, na que o tsar tiña o poder absoluto, que exercía sen límites, pois non estaba suxeito a ningunha Constitución. Para gobernar, o tsar apoiábase na nobreza, na Igrexa ortodoxa, no exército e nunha fiel burocracia.

Existían distintas **forzas políticas opostas ao tsarismo** que representaban distintas ideas e a distintos grupos sociais: había partidos burgueses, partidos campesiños e partidos obreiros revolucionarios; estes últimos dividíanse en dos grandes grupos: os **menxeviques** (moderados) e os **bolxeviques** (máis radicais, partidarios do camiño revolucionario e dirixidos por Lenin).


A **agricultura constituía a principal actividade económica** e a terra estaba nas mans dunha minoría privilexiada, inmensamente poderosa e rica. Os **campesiños**, a maioría da poboación, estaban sometidos a un réxime case feudal, que os condenaba a unhas **pésimas condicións de vida**.

Nalgunhas zonas do Imperio (Moscova, San Petersburgo...) iniciouse un **proceso industrial** impulsado, en boa parte, por capital estranxeiro. A instalación de industrias pesadas e a construción do ferrocarril fixeron medrar un numeroso **proletariado industrial** que traballaba por uns **salarios miserables**.

A.- A CAÍDA DO TSARISMO

? 18.- Que querían os sublevados de 1905? Conseguírono?

*Na imaxe, o denominado “**Domingo sanguento**” no mes de xaneiro de 1905, día no que as tropas imperiais dispararon contra unha manifestación pacífica nos arredores do Palacio de Inverno en San Petersburgo. O xentío estaba formado por miles de obreiros, campesiños, mulleres e nenos dirixidos polo Pope (sacerdote) Gapón. Pretendían facer chegar ao tsar unha serie de peticións: melloras salariais, liberdade de sindicación, convocatoria dunha Asamblea Constituínte... Obtiveron como resposta unha violenta represión que supuxo numerosos feridos e máis de 1000 mortes. Pero as manifestacións e folgas continuaron durante meses e os traballadores crearon consellos de obreiros, campesiños e soldados, denominados soviets, para organizarse. Ante a situación, o tsar comprometeuse a convocar a Duma (Parlamento), eleccións por sufraxio universal e a poñer en marcha unha reforma agraria. Sen embargo, as promesas non se cumpriron e en poucos anos o tsar gobernou de novo autocráticamente.*



Señor! Nós, obreiros de San Petersburgo, as nosas mulleres, fillos, pais e vellos inválidos vimos diante túa, oh tsar!, para implorar xustiza e protección. Estamos na miseria, oprimidos e tratados como escravos que teñen que tolerar pacientemente a súa amarga sorte (...).


Estanos vedado falar, pensar, reunirnos para discutir as nosas necesidades e tomar medidas para mellorar a nosa situación (...). Calquera de nós que se manifeste a favor da clase obreira pode ser enviado a prisión ou ao exilio (...) Rusia é moi extensa e as súas necesidades demasiado diversas para que poida ser dirixida por un goberno integrado unicamente por burócratas. É absolutamente necesario que o pobo participe nel, pois só el coñece as súas propias necesidades. Non lle negues o socorro ao teu pobo (...) Permite para iso que se proceda á elección dunha Asemblea Constituínte baixo o réxime do sufraxio universal. (...)

Petición dos obreiros de San Petersburgo
ao tsar, 10 de xaneiro de 1905.

Soviets: grupos de acción revolucionarios compostos por obreiros, campesiños e soldados que reclamaban cambios sociais e políticos: reparto de terras, mellores condicións de traballo... Os seus líderes saíron das filas dos bolxeviques, partido obreiro radical, de ideoloxía marxista...



? 19.- Que son os **soviets**?



En 1914 Rusia entrou na Primeira Guerra Mundial. O país non estaba preparado. As derrotas e o desabastecemento crearon un gran malestar que provocou folgas e manifestacións, reprimidas con gran dureza. A represión favoreceu a unión dos opositores do tsar e a comezos de 1917 iniciouse un proceso revolucionario que acabou co tsarismo.

- ? 17.- Cal era a **situación económica, social e política** de Rusia nos tempos do tsarismo?
- o 18.- Que querían os sublevados de **1905**? Conseguírono?
 - o 19.- Que son os **soviets**?

SOVIET

B.- AS REVOLUCIÓNS DE 1917

► En febreiro de 1917 iniciouse unha **Revolución**: os obreiros declaráronse en folga, os soldados desobedeceron aos seus superiores, deixaron as armas e desertaron; a policía negouse a intervir, polo que o **tsar abdicou** e intentou fuxir. A oposición, composta por burgueses e os soviets, proclamou a **República** e estableceu un **Goberno provisional moderado** nas mans da burguesía, que pretendía instaurar un sistema político liberal. Pero nas rúas, o pobo estaba do lado dos **soviets**, que incluso chegaron a ter as súas propias milicias armadas (*Garda Vermella*).



Os fracasos militares na IGM e o incumprimento das promesas de reforma aumentaron o descontento popular e inclinaron a moitos rusos a esixir a destitución do Goberno e a apoiar as propostas dos **bolxeviques** dirixidos por **Lenin**, que reclamaba todo o poder para os soviets e baixo o lema de **“paz, pan e terra”** logrou un gran respaldo social: *paz*, para poñer fin á guerra con Alemaña, rompendo os acordos cos aliados; *pan*, para poñer remedio á crise económica regulando o mercado e estatalizando as fábricas; *terra*, para dar propiedades aos campesiños, arrebatándollela á Coroa, á nobreza e á Igrexa ortodoxa.

? 20.- Que sucedeu en **febreiro de 1917**? Que medidas tomou o novo Goberno? Quen estaba en contra? Por que?

► **En outubro de 1917** as milicias **bolxeviques**, con Lenin e Trotski ao fronte e co apoio dos soviets, iniciaron unha insurrección: dominaron os puntos clave de San Petersburgo, tomaron o *Pazo de Inverno*, derrocaron ao Goberno provisional e estableceron o **primeiro Goberno obreiro socialista, presidido por Lenin** e do que formaban parte tamén Trotski e Stalin. A **Revolución estendeuse** rapidamente por Moscova e os núcleos industriais do país.

En 1918 os bolxeviques adoptaron o nome de Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS) e decretaron as primeiras medidas revolucionarias: recoñecéronse as minorías nacionais, iniciouse a expropiación e nacionalización das terras para repartilas entre os campesiños e as fábricas quedaron baixo o control de comités de obreiros. Firmouse o Tratado de Brest-Litovsk con Alemaña en 1918, o que supuxo aceptar importantes perdas territoriais.



Lenin dirixíndose ao pobo durante a Revolución de outubro de 1917. Tiña un gran carisma de líder que convencía e arrastraba á xente.

? 21.- Que sucedeu en **outubro** de 1917? Quen tomou o **poder**? Cales foron os seus **primeiros decretos**?



B.- AS REVOLUCIÓNS DE 1917

? 20.- Que sucedeu en **febreiro de 1917**? Que medidas tomou o novo Goberno? Quen estaba en contra? Por que?



*En 1914, cando **Rusia entrou na Primeira Guerra Mundial**, evidenciouse que non estaba preparada para unha guerra tan longa, dura e cara: o exército ruso non estaba capacitado, nin os sistemas de transporte eran eficaces, nin a industria de armamento resultaba suficiente. **Como os medios económicos do país dedicáronse á guerra, a fame apareceu nas cidades e estendeuse o malestar entre obreiros, campesiños e soldados**. Todo iso desacreditou ao tsar Nicolás e ao seu goberno despótico. A finais de 1916, en plena guerra, os que se opoñían ao tsar sabían que era a oportunidade de acabar co réxime e facerse co poder.*

*O **23 de febreiro de 1917** houbo unha gran manifestación en San Petersburgo (Petrogrado), seguida dunha folga xeral e de amotinamentos nos cuarteis. **O tsar abdicou e proclamouse unha República dirixida por un Goberno provisional**, que se comprometeu a convocar eleccións constituíntes para converter a Rusia nunha democracia parlamentaria. O novo goberno, dominado polos partidos burgueses, iniciou unha serie de reformas políticas e sociais, pero **decidiu manter os compromisos cos seus aliados na guerra**, o que impedía mellorar as condicións de vida da poboación e iniciar a reforma agraria.*

O descontento popular aumentou** e os soviets, que pedían a retirada da guerra, empezaron a esixir a destitución do Goberno. **A unidade de forzas que derrocara ao tsar empezou a romperse, e xenerouse unha dualidade de poderes que enfrontaba ao Goberno provisional cos soviets.



Alexander Kerensky, dirigente do socialismo moderado foi ministro e máis tarde presidente do Goberno Provisional. Apoiaba a participación rusa na Primeira Guerra Mundial e permitiu o retraso das eleccións da Asamblea, que finalmente se celebraron unha vez que os bolxeviques se fixeron co poder na Revolución de Outubro.

? 21.- Que sucedeu en **outubro** de 1917? Quen tomou o **poder**? Cales foron os seus primeiros decretos?

*Os bolxeviques foron gañándose o apoio da maioría dos soviets. O seu líder, **Lenin**, regresou a Rusia desde o exilio e nas chamadas **Teses de abril** marcou a ruta a seguir: derrocar ao Goberno provisional e instaurar un Goberno dos soviets obreiros e campesiños, firmar a paz con Alemaña, repartir as terras entre os campesiños, ceder a dirección das fábricas aos obreiros, nacionalizar a banca e recoñecer as nacionalidades do Imperio. **Co apoio dos soviets e a Garda Vermella prepararon unha insurrección para o día 25 de outubro de 1917.** Os sublevados ocuparon a cidade de Petrogrado, tomaron o Palacio de Inverno e destituíron ao Goberno provisional. Proclamaron un **Goberno obreiro**, que foi presidido por Lenin e que decretou as primeiras medidas revolucionarias, que seguían as directrices marcadas polas Teses de abril.*


*En novembro de 1917 celebráronse eleccións para a Asemblea Constituínte, que tiñan sido convocadas polo Goberno provisional. Os bolxeviques só obtiveron o 25% dos escanos, aínda que a súa forza era maioritaria nas cidades e nas zonas industriais. Ante a falta de apoio, **Lenin dissolveu a Asemblea e puxo fin ao pluralismo político.** Rusia quedou así organizada como unha **dictadura do proletariado, na que o poder político recaía no Partido comunista.***



Vladimir Ilich Iliánov, máis coñecido por *Lenin*, naceu no ano 1870 en Simbirsk no seo dunha familia acomodada. En 1887 o seu irmán Alexander é executado por atentado contra o tsar Alexandre II. Ese feito o marca para toda a vida. Tras os estudos de dereito, dedícase á propaganda revolucionaria nos medios obreiros, polo que é desterrado a Siberia en 1897.

Tras a súa liberación en 1900 exiliouse a Suíza. Desde alí regresou a Rusia e púxose á fronte do partido bolxevique para transformar a guerra en Revolución. Co lema “Paz, pan e terra” logrou un gran número de seguidores.

Morreu vítima dun ataque de hemiplexía que o deixou totalmente paralizado. Á súa morte en 1924 desencadeouse unha loita pola sucesión entre Trotski e Stalin da que resultou vencedor este último.



1.- Queda abolido para sempre o dereito de propiedade privada sobre a terra(...). Todas as terras da Coroa, do tsar, dos conventos, da Igrexa... convértense en patrimonio de todo o pobo e pasan en usufruto a todos os que as traballen (...).

2.- Todas as riquezas do subsolo -minerais, petróleo, carbón, sal-, así como os bosques e as augas de importancia nacional serán usufrutuados, con carácter exclusivo, polo Estado (...).

6.- Teñen dereito ao usufruto da terra todos os cidadáns do Estado ruso (sen distinción de sexo) que desexen traballala eles mesmos.

Lenin. Decreto sobre a terra. 26-10-1917





Escena do ataque ao Palacio de Inverno en outubro de 1917 recollido nun sello polaco de 1983.



Óleo pintado polo artista ruso Boris Kustodiev (1878 – 1927), que presenta unha escena da triunfante Revolución bolxevique na Rusia de 1917. O xigante simboliza o avance imparabile da Revolución comunista, que se identifica coa bandeira vermella que todo o envolve, tanto os vellos palacios donde residira o poder tsarista, como ao xentío que inunda a cidade e que queda baixo a protección da bandeira e o xigante.



C.- A GUERRA CIVIL E O “COMUNISMO DE GUERRA”

A comezos do ano 1918 a Revolución triunfara, pero en amplas zonas do país o futuro era incerto. Os partidarios do tsarismo (terratenentes, militares de alta graduación, Igrexa ortodoxa...) e os defensores do sistema político liberal intentaron acabar coa Revolución pola forza. O país quedou dividido en dous bandos: os partidarios da *contrarrevolución*, que crearon o **Exército branco**, e os bolxeviques, que crearon o **Exército vermello**. Os contrarrevolucionarios contaban co apoio das potencias estranxeiras (franceses, británicos, norteamericanos, xaponeses), que se opoñían ao réxime comunista e intentaban evitar que se estendera fóra de Rusia.

Os tres anos de **Guerra civil** foron dunha gran crueldade para a poboación, moitos rusos morreron non só pola violencia dos combates, senón tamén pola fame e o frío. **En 1921 o Exército vermello logrou impoñerse militarmente, pero o conflito contribuíu ao endurecemento do réxime soviético.**

Para abastecer á fronte e ás cidades durante a guerra, o Goberno instaurou o denominado “**comunismo de guerra**”, que consistía na nacionalización da industria, a colectivización das terras e a obrigação para os campesiños de entregar as súas colleitas ao Estado. Durante esta etapa sentáronse as bases do novo Estado, instaurándose unha férrea **ditadura comunista**: todas as decisións quedaron nas mans do Partido Comunista, mentres os demais partidos foron prohibidos; o descontento popular levou a folgas e revoltas que foron duramente reprimidas.



Camaradas...! É hora de entregar as armas!

? 22.- **Quen** se enfrontou na **Guerra Civil**? Que **consecuencias** tivo?

C.- A GUERRA CIVIL E O “COMUNISMO DE GUERRA”

? 22.- **Quen** se enfrontou na **Guerra Civil**? Que **consecuencias** tivo?

*As decisións adoptadas desde o triunfo da Revolución aumentaron o **descontento** de distintos sectores da sociedade, que se mostraron dispostos a enfrontarse ao novo Goberno. A **Rusia branca** estaba formada inicialmente polos partidarios do tsarismo, pero o totalitarismo de Lenin provocou que se sumaran outros grupos, desde liberais, socialistas moderados, campeciños descontentos coa estatización das terras, aos habitantes das rexións contrarias aos acordos adoptados en Brest-Litovsk. Contaron co apoio de potencias exteriores, como Reino Unido, Francia, Xapón e EEUU, que non recoñecían ao Goberno bolxevique, ao que acusaban de telos traizoado ao abandonar a guerra e polo temor de que a Revolución comunista se propagase. Ademais había intereses económicos, pois o novo Goberno non recoñecía as débedas contraídas polo Tsar.*

*A **Rusia vermella**, maioritaria nas zonas industriais e formada polos bolxeviques, foi organizada como un verdadeiro exército por Trotski. Ante o inicial avance das tropas brancas decidiron executar ao tsar e a súa familia para evitar que fose restablecido no poder. A descoordinación dos exércitos brancos (diferenzas políticas e militares) decantou a guerra a favor dos bolxeviques.*



A guerra provocou máis de nove millóns de mortos, na fronte e como consecuencia do deterioro das condicións de vida e da feroz represión desatada por ambos bandos.

Para afrontar a Guerra civil, Lenin implantou unha férrea política económica. O comunismo de guerra intentou multiplicar a produción explotando aos traballadores e suprimindo a propiedade privada, ademais o Estado controlou a distribución dos produtos e alimentos. Esa política incrementou o descontento social, tanto entre os campesiños, que reaccionaron contra as colectivizacións, como entre os obreiros, que protestaron contra o control estatal das fábricas.

A vitoria bolxevique consolidou definitivamente o seu poder, pois permitiu aos vencedores borrar calquera tipo de oposición política. No contexto da guerra, Lenin procedeu a edificar un réxime totalitario que foi o primeiro Estado de Partido Único da Historia.

“O camarada Lenin varre o lixo do mundo”, segundo este cartel bolxevique de 1919. Representa a Lenin varrendo aos inimigos do mundo: reis, clero e ricos banqueiros. Pero o bolxevismo non só arremeteu contra os sectores poderosos da sociedade rusa, calquera grupo opositor podía ser perseguido polo réxime.



A fame e o frío provocaron máis de tres millóns de mortos no ano 1921.





EL NUEVO MODELO DE ESTADO SOVIÉTICO FRENTE A LA DEMOCRACIA LIBERAL



D.- A FORMACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

► A Revolución sobreviviu á Guerra civil, pero a conta de enormes perdas materiais e humanas. En 1921 estableceuse unha **Nova Política Económica (NEP)** co obxectivo de reconstruír a estragada economía. Combinaba elementos comunistas e capitalistas: deixóuselles aos agricultores cultivar e vender libremente, autorizouse o libre comercio interior e permitiuse a propiedade privada de pequenas e medianas empresas industriais. O Estado mantivo baixo o seu control os transportes, o comercio exterior, a banca e as grandes empresas.

Estas medidas favoreceron o crecemento da economía. A burguesía rexurdiu, grazas ao enriquecemento dos propietarios industriais, comerciais ou campesiños acaudalados da época tsarista. Isto provocou tensións e xerou un amplo debate dentro do Partido.

► En 1922 Rusia, Bielorrusia, Ucraína e Transcaucasia (integrada por Armenia-Xeorxia-Azerbaiján) uníronse nunha confederación denominada **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS)**. Despois, foise ampliando coa incorporación doutras repúblicas. Cada república tiña autonomía en política interior, xustiza, educación... pero non sobre a política exterior, exército, a planificación económica, as relacións exteriores... A URSS organizábase así como un **Estado federal** cun Parlamento (Soviet supremo, elixido polos soviets das repúblicas) e un único partido político, o PCUS.



Cartel de 1921 alusivo á electrificación da Unión Soviética.

? 23.- Cales foron as **principais características** da NEP? Que **consecuencias** tivo?

24.- **Define URSS.**



D.- A FORMACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

? 23.- Cales foron as **principais características** da NEP? Que **consecuencias** tivo?

*Para saír da crise social e económica Lenin puxo en marcha en 1921 a **NEP**, tratábase dun **sistema mixto** que permitía o mercado libre para estimular a agricultura, o comercio e a industria, aínda que mantiña os sectores clave nas mans do Estado (ferrocarrís, banca, grandes empresas, comercio exterior...). Os mecanismos de control estatal relaxáronse e permitiuse aos pequenos e medianos comerciantes e industriais que recuperasen a actividade privada, sempre baixo a supervisión do Estado. No campo suspendéronse as nacionalizacións e colectivizacións forzosas e as entregas de gran foron substituídas por un imposto (10% da colleita), o que permitía aos campesiños dispoñer de excedentes cos que comerciar.*

*A **revitalización da economía foi inmediata**, iniciándose así un proceso de expansión da economía rusa que se prolongou nas décadas seguintes. Pero tamén tivo como resultado a aparición dun campesiñado próspero e dunha burguesía comercial e industrial puxante, un fenómeno social que provocou moito receo da vella garda do Partido Comunista.*

NEP



? 24.- Define URSS.

Estado Federal: Estado constituído pola asociación de territorios (Estados ou rexións) cun elevado grao de autonomía ou capacidade de autogoberno, agás en determinadas materias competencia do Goberno federal.



COMPOSICIÓN DE LA URSS (de norte a sur y de oeste a este)

- A.-Repúblicas bálticas y eslavas:
 - 1 - Estonia
 - 2 - Letonia
 - 3 - Lituania
 - 4 - Bielorrusia
 - 5 - Moldavia
 - 6 - Ucrania
- B.-Repúblicas del Cáucaso:
 - 7 - Georgia
 - 8 - Armenia
 - 9 - Azerbayán
- C.-Repúblicas musulmanas:
 - 10 - Kazajstán
 - 11 - Turkmenistán
 - 12 - Uzbekistán
 - 13 - Tayikistán
 - 14 - Kirguizistán

INCORPORACIÓN PROGRESIVA A LA URSS (1923-1940):



E.- A DITADURA ESTALINISTA

Lenin morreu no ano 1924, o que provocou o inicio dunha serie de loitas internas polo poder dentro do PCUS. Diferentes propostas enfrontaron aos dirixentes do Partido, en especial a Trotski e Stalin. O primeiro mantiña que era necesario exportar a Revolución a outros países. O segundo propoñía a “**construción do socialismo nun só país**”, mediante a transformación da URSS nunha gran potencia que fose o berce de futuras revolucións.

Stalin, que xa era Secretario Xeral do PCUS desde 1922, convertiuse no principal dirixente da URSS e **a partir de 1929 instaurou unha férrea ditadura persoal**.

Todas as actividades económicas pasaron a estar planificadas polo Estado e a propiedade privada desapareceu. O Estado establecía as prioridades e os volumes de produción a alcanzar en cada unha das ramas produtivas para un período de cinco anos (**Plans quinquenais**). Os obxectivos deses plans eran sacar á URSS do atraso económico, alcanzar o desenvolvemento industrial e lograr a autosuficiencia desde o punto de vista agrícola e militar.

► O primeiro Plan quinquenal estableceu a **colectivización da terra**. Os propietarios debían renunciar ás súas propiedades e a colectivización organizouse a través de dous tipos de explotación: os **kolkhoz**, grandes granxas que funcionaban en réxime de cooperativa, e os **sovkhoz**, granxas estatais que utilizaban man de obra asalariada. As protestas contra estas medidas foron numerosas e os campesiños sufriron unha dura represión. Aínda que o Estado logrou aumentar a produción, non o fixo ao ritmo previsto, xa que a produtividade mantívose baixa e a poboación sufriu períodos de escaseza e fame.



► A política estalinista deu **prioridade á industria pesada e á produción de enerxía**, co fin de construír as infraestruturas necesarias. Incentivouse a produtividade mediante diversos métodos, entre os que destaca o uso da propaganda.

Os **resultados** obtidos tras a aplicación dos tres primeiros plans quinquenais foron espectaculares e **converteron á URSS nunha potencia industrial e militar**. Pero tamén orixinaron **desequilibrios económicos** porque potenciouse en exceso a fabricación de bens de equipo (maquinaria, armamento) e descuidouse a de bens de consumo (vestido, calzado, utensilios domésticos...), o que repercutiu nun baixo nivel de vida da poboación.



? 25.- Que **propoñía** Stalin fronte a Trotski? Quen se fixo co **poder** tras a morte de Lenin?

26.- Cales eran os **obxectivos económicos** de Stalin? Como se **organizou** a economía para conseguir eses obxectivos?

27.- Cales foron as **medidas** adoptadas por Stalin para facer da URSS unha gran potencia industrial? Que **efectos** provocaron?



E.- A DITADURA ESTALINISTA



25.- Que **propoñía** Stalin fronte a Trotski? Quen se fixo co **poder** tras a morte de Lenin?

*Tras a morte de Lenin en 1924 a dirección do Partido e do Estado pasou a ser exercida por un reducido número de dirixentes (Stalin, Trotski, Kamenev...), pero entre eles as **loitas e os enfrontamentos eran continuos**, pois tiñan puntos de vista moi distintos. Trotski propoñía a internacionalización da Revolución, mentres que Stalin defendía que había que abandonar a idea da Revolución mundial pola do “**socialismo nun só país**”. É dicir, había que concentrar todos os esforzos en consolidar e fortalecer a Revolución na URSS.*

*Paulatinamente foise impondo Stalin, que fora nomeado Secretario Xeral do PCUS en 1922. **En 1929 acaprou todos os poderes, instaurando unha ditadura persoal**. Trotski, o seu rival, exiliouse e en 1940 foi asasinado en México por orde de Stalin.*



? 26.- Cales eran os **obxectivos económicos** de Stalin? Como se **organizou** a economía para conseguir eses obxectivos?

27.- Cales foron as **medidas** adoptadas por Stalin para facer da URSS unha gran potencia industrial? Que **efectos** provocaron?



*Stalin decidiu poñer fin á NEP e levar a cabo unha revolución completa da economía soviética, como requisito para a conversión da URSS nunha potencia capaz de sobrevivir nun mundo hostil capitalista. **A economía foi centralizada baixo a dirección e control do Estado** mediante un modelo de planificación revisada cada cinco anos cos chamados **plans quinquenais**. Os plans eran de obrigado cumprimento, fixaban cotas de produción en todos os sectores, establecían prezos e salarios, distribuían os recursos e a man de obra dispoñible...e tiñan dúas liñas básicas de actuación:*

- **Industrialización:** Posta en marcha dun plan acelerado de modernización total das infraestruturas e da industria pesada. Incentivouse a produtividade alentando, mediante campañas de publicidade, o traballo en días de descanso, premios á produtividade e a búsqueda do máximo rendemento mediante o sacrificio desinteresado dos obreiros.

- **Colectivización:** No campo, implantouse a colectivización forzosa a través dun sistema baseado nos Kolkhoz e os sovkhoz.

En pouco tempo, e cun elevado coste humano, a economía planificada converteu á URSS nunha potencia industrial.** Este despegue económico coincidiu no tempo coa depresión posterior ao Crac da Bolsa de 1929, o que permitiu a Stalin proclamar que **mentres a economía capitalista afundíase o modelo socialista non deixaba de crecer.

► **Stalin implantou unha ditadura totalitaria, converténdose no “novo tsar vermello”**. Para garantir ese enorme poder utilizou varios medios:

- **O culto á súa personalidade** mediante a propaganda que ensanzalba a imaxe de Stalin como un “gran benfeitor” e “pai” do pobo. Ao mesmo tempo eliminábase calquera aspecto positivo dos seus inimigos e falseábase a verdade se era necesario.

- **O reforzo do Partido Comunista**. Se se quería participar na política a través dos soviets era necesario pertencer ao PCUS, xa que este impoñía aos candidatos. Desta forma os soviets deixaron definitivamente de ser asembleas libres e populares.

- **O terror**. Era a forma de silenciar calquera oposición tanto dentro do Partido como sobre o conxunto da sociedade. O instrumento para levar a cabo a represión foi a **NKVD** (a policía política), pero tamén colaborou gran parte da poboación, polo que se creou un ambiente de sospeita e delación. As **purgas** ou depuracións máis intensas desenvolvéronse entre 1933 e 1939, miles de personas foron enviados a campos de concentración (**gulags**), a maioría en Siberia, onde viviron en condicións inhumanas e foron sometidos a traballos forzados.




? 28.- Fai un **esquema** das **medidas** tomadas por Stalin para **manter o seu poder**.



28.- Fai un **esquema** das **medidas** tomadas por Stalin para **manter o seu poder**.

LA ERA DE STALIN EN LA URSS

ASPECTOS POLÍTICOS




O meu pai non quería formar parte do kolkhoz; entón chegaron á nosa casa persoas que discutiron con el e pegáronlle. Tiñamos un cabalo, unha vaca, cinco cordeiros e algúns cerdos (...). Unha mañá uns descoñecidos viñeron á nosa casa e leváronse todas as nosas cosas e animais. (...).

Leváronnos a toda a familia á igrexa da aldea. Pola mañá, escoltados por milicianos. Subíronnos a uns vagóns do tren e cando estiveron cheos pecharon desde o exterior. Despois o tren púxose en marcha. Ninguén sabía cara a onde iamos.

Testemuño dun neno deportado ao Gulag.



Millóns de persoas foron vítimas da represión de Stalin, todo sospeitoso de opoñerse a Stalin foi acusado de “inimigo do socialismo”: campesiños que se opoñían á colectivización, minorías étnicas, intelectuais e científicos, membros do Partido ou do Exército vermello... Moitos morreron asasinados e outros foron sometidos a duras condicións de confinamento nos campos de traballo.



Stalin tamén levou a cabo un **control absoluto da cultura**. Miles de carteis de propaganda e estatuas lembraban permanentemente aos soviéticos quen exercía o poder na URSS. A arte debía de servir para formar bos comunistas e converterse nun medio de propaganda do Partido. O chamado **realismo socialista** caracterizouse por manter un estilo tradicional e polos temas que rendían culto a Stalin, enaltecían de forma idealizada á Revolución, aos seus dirixentes e aos grupos que eles consideraban que eran a base da Revolución, como os obreiros e os campesiños.

